

A Cámara pon a disposición das empresas un servizo de xestión de impagos

Ferrol. 05/10/2011. A Cámara de Comercio de Ferrol, dentro do proceso de actualización e oferta de novos servizos, pon a disposición das empresas da súa demarcación un servizo para a recuperación de débedas e avaliación de riscos de impagos.

Este novo servizo impleméntase a través da sinatura dun convenio de colaboración cunha firma especializada e cunha dilatada experiencia na reclamación de impagados entre empresas.

Inclúe tanto accións de carácter extraxudicial como a posibilidade de recorrer á vía xudicial, co obxectivo de que a empresa morosa proceda con celeridade ao pago das cantidades que debe.

A contratación do servizo presenta condicións vantaxosas para as empresas asociadas á Cámara. O custo final varía segundo se trate dun recobro extraxudicial ou xudicial, do ámbito xeográfico no que se produza (nacional ou internacional) ou da cantidade final que se recupere.

Así, no caso de recobros íntegros, a empresa non terá que soportar ningún tipo de gastos, xa que estes serán repercutidos integramente ao debedor.

No actual contexto de crise económica, a Cámara quere apoiar a aquelas empresas que sofren un aumento da morosidade que compromete a súa viabilidade debido á falta de tesourería para facer fronte aos seus pagos.

